

NA ESCOLA

Xoves, 23 de xuño de 1988

La Región

Núm. 12

Actividades de actualización profesional durante o verán

Mercedes González Sanmamed

Unha vez máis e como cada ano no remate do curso, son moitos os profesores que preocupados pola mellora da práctica pedagóxica, adican un tempo das vacacións a súa actualización profesional.

Efectivamente vemos como o número de profesores que participa nas variadas ofertas que programan os distintos Grupos e Movimentos de Renovación nas Escolas de Verán aumenta considerablemente no noso país.

Trátase dun perfeccionamento promovido polos profesores, simultáneo e paralelo o que se desenrola dende a Administración. Así pois as Escolas de Verán nacen da necesidade que sentiron os propios mestres de organizarse na búsqueda da súa autoformación.

Cómpre suñar que os colectivos promotores destes Encontros e Xornadas pretenden dar resposta á realidade escolar e social a través dun tipo de

formación baseada na reflexión sobre a propia experiencia e o intercambio a partir dos grupos de traballo, potenciando unha tarefa continua de compromiso e actuación personal. Deste xeito ábrese o camiño da renovación e a investigación na escola, apartando criterios de análise dos problemas educativos que se viven, métodos de traballo activo e técnicas e actividades científicas.

Ofrecemos seguidamente unha relación das Escolas, Encontros e Xornadas que durante este verán teñen previsto celebrarse en Galicia, con indicación de datas, organizadores, lugar de realización, matrícula e enderezo para obter máis información, así como referencias os talleres, seminarios, exposicións e cursos naquelas nas que dispoñemos destes datos.

Engadimos ás opcións ofertadas no noso país un listado doutras Escolas que pola súa tradición e notoria calidade poden ser de interés para os ensinantes.

Nova Escola Galega

Actividade: "II Escola de Verán".

Lugar: Escola de Maxisterio. A Coruña.

Datas: 1 ó 4 de xullo.

Inscripción e información: do 5 ó 25 de xuño na sede da N.E.G. da Coruña, Ronda de Nelle, 108, 11º esq.

Matrícula: 4.000 pesetas (xeral); socios e parados, 3.500 pesetas.

Programa: Debatiránse e intercambiaránse experiencias sobre o tema central do deseño curricular, con seminarios e talleres encol da Escola Infantil, o ciclo medio e o ciclo 12-16.

Os seminarios previstos son:

- "Proxecto curricular de centro no ciclo 3-8" (Marcelino Vaca de ADARRA).

- "Outras matemáticas, outra escola" (C. Medio) (Manolo Alcalá do M.C.E.P.).

- "Estudio do entorno" (C. Medio) (Xan Fdez.).

- "Adquisición da linguaxe e lingoas na escola" (Marcé Voltes).

- "Taller de plástica" (C. Medio) (M.ª Jesús Agra).

- "Organización interdisciplinar no C. Superior" (Manolo Cainzos de ADARRA).

- "Os traballos prácticos como investigación" (C. 12-16) (Marilar Jiménez e Charo Fdez.).

- "A renovación curricular do ensino da filosofía" (Nicole Grataloup).

- "Educar para a paz" (X. Jares e Calo).

Asimesmo haberá conferencias sobre: "O profesor como investigador" e "A avaliación como proceso" de Juan Manuel Alvarez, e "O proxecto educativo" de Jurjo Torres.

Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG)

Actividade: "XII Xornadas do Ensino de Galiza". Na procura dun ensino galego.

Lugar: Escola de Maxisterio da Coruña.

Datas: 12 ó 16 de setembro.

Inscripción e información: Apartado 774. Santiago e librerías "Lume" "Nos" e "Couceiro" (A Coruña); "Helios" (Ferrol); "Couceiro" (Santiago); "Biblos" e "Alonso" (Lugo); "Tanco" e "Stylo" (Ourense); "Castelao" e "Ir indo" (Vigo); "Pueblo" (Pontevedra) e "Brañas" (Carballo). Teléfono 981-341212.

Matrícula: 4.000 pesetas (xeral); socios da AP-SG, estudantes e parados, 2.500 pesetas; socios APPL e Aula Castelao: 3.000 pesetas.

Programa: Intercambio de experiencias educativas (talleres, comunicacións, conferencias, etc.) co obxectivo de servir de foro de debate diante da nosa realidade educativa.

Entre os seminarios destacan entre outros:

- "Aplicacións prácticas de xeografía" (Fco. X. Río Barja).

- "Debuxo e lectura da imaxe na escola" (Xoan M. Andrade).

- "Historia do pensamento galego" (Aula Castelao).

- "A didáctica do museo" (Felipe Senén).

- "Aproximación a algúns criterios nos comentarios de texto" (M.ª Pilar García Negro).

- "Didáctica das matemáticas no BUP" (César Mosqueira).

- "Experiencias para unha metodoloxía do estudo do entorno na EXB" (Xan Fdez. Carrera).

- "Proxecto didáctico na aula de historia" (Colectivo Frouxeira).

- "Os alumnos con necesidades educativas especiais: a integración e a educación especial" (María Salvado e Teresa Núñez).

Hai tamén talleres sobre: plástica, video, guiñol, música, cerámica, etc.

QUERIDOS NIÑOS... EJEM... LAS CLASES ACABARON... BIEN, YA NO Volveremos... SNIFF... A VERNOS HASTA SEPTIEMBRE...



Adeus escola.

Instituto Galego de Socio-Pedagogía

Actividade: "III Xornadas Pedagóxicas Galegas".

Lugar: Instituto de Bacharelato "Otero Pedraio", Ourense.

Datas: Do 12 ó 17 de setembro de 1988.

Inscripción e información: Apartado 1168, Ourense. Teléfono: (988) 216028.

Programa: Debate sobre os problemas do ensino en Galicia e sobre a reforma. Didáctica das ciencias sociais. Historia de Galicia. Lingoa e Literatura Galegas. Didáctica do medio ambiente. Ecoloxía, Didáctica da expresión plástica, dinámica e musical.

Escola Universitaria de Lugo e Inspección de Educación Básica de Lugo

Actividade: IV Semana de Maxisterio Lucense.

Lugar: Escola de Magisterio de Lugo.

Datas: Do 5 ó 9 de setembro.

Inscripción e información: Escola de Magisterio de Lugo. Teléfono: (982) 223431.

Programa: As conferencias, mesas redondas e comunicacións versarán sobre dou temas: "O libro e o material impreso na escola" e "O medio urbano como elemento didáctico".

Associação Pedagógica Jornadas do Ensino de Galiza e Portugal

Actividade: "Escola Ibérica de Vero-XII Jornadas do Ensino de Galiza e Portugal".

Lugar: Escola Universitaria de Formación Profesorado E.X.B. Ourense.

Datas: 24 ó 31 de agosto.

Inscripción e información: Apartado 429; 32080 Ourense. Teléfono: 988-243709.

Programa: Obradoiros, seminarios, cursos e intercambios de experiencias encamiñadas a colaborar na renovación pedagóxica do profesorado e reforma educativa.

Associação Sociopedagógica Galaicoportuguesa (ASPGP)

Actividade: "IV Escola de verao da Corunha-Ferrol. As actividades artísticas no ensino".

Lugar: Colexio Universitario da Coruña.

Datas: 6 ó 10 de setembro.

Inscripción e información: Apartado 226; 36080 Pontevedra. Teléfono 986-852279.

Matrícula: 3.000 pesetas + 1.000 pesetas (material); estudiantes e parados: 2.000 pesetas.

Programa: Obradoiros prácticos e mesas redondas que perseguen o dominio das técnicas artísticas (música, plástica, teatro, cine, video, fotografía, cerámica, etc) e o debate da reforma sobre destes e outros temas.

Actividade: "I Escola Ibérica de Verão".
Lugar: Casa do Brasil. Ciudad Universitaria s/n. Madrid.

Datos: 25 ó 30 de setembro.
Inscripción e información: Apartado 266; 36080 Pontevedra. Teléfono 986-852279.

Matrícula: 3.000 pesetas.
Programa: Ponencias e comunicacións sobre da Reforma educativa nas diferentes comunidades autónomas dos Estados español e portugués e debates sobre da política lingüística nos oito países lusófonos.

Irmandades da Fala de Galiza e Portugal

Actividade: "III Escola de Verão das Irmandades da Fala (Didáctica das línguas)".

Lugar: Vigo (Colexio de Economistas). Souto maior.

Datos: 26 ó 30 de xullo.
Inscripción e información: Apartado 12; 36080 Pontevedra. Teléfonos: 988-852279.

Matrícula: 2.000 pesetas.
Programa: Cursos sobre didáctica da lingua materna e das linguas estranxeiras, da literatura e obradoiro literario, amais do simposio de lingüística e sociolingüística e debates sobre da reforma e as linguas.

Irmandades da Fala de Galiza e Portugal Associação de Amizade Galiza-Portugal

Actividade: "I Encontro de Estudantes de Galiza e Portugal - Encontro de Lusofonia".

Lugar: Escola Universitaria de E.X.B. de Ourense.

rense.

Datos: 8, 9 e 10 de xullo.

Inscripción e información: Apartado 12; 36080 Pontevedra. Teléfonos: 988-852279 e 986-243709.

Matrícula: 500 pesetas.

Programa: Debates, coloquios e comunicacións sobre política cultural e lingüística de Galicia, reforma educativa e xuventude e intercambio entre universidades.

Concello de Mugardos

Actividade: "IX Xornadas Municipais de Pedagogía".

Lugar: C.P. "Unión Mugardesa". Mugardos.

Datos: 7, 8 e 9 de setembro.

Inscripción e información: A partires da segunda quincena de agosto no concello de Mugardos. Teléfono 981-470338.

Movemento de Renovación Pedagógica Escola de Verán de Lugo

Actividade: X Escola de verán de Lugo.

Lugar: Colexio Fingoi (Lugo).

Datos: Do 29 de agosto ó 2 de setembro.

Inscripción e información: Teléfono (982) 221557.

Dirección Xeral de Ensinanzas Medias da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Actividade: "Actividades de Formación de Profesorado. Area Tecnolóxico-Práctica de F.P.".

Lugar: Repartidos por toda Galicia.

Datos: xuño-diciembre.

Inscripción e información: Solicitude á Consellería. Edificio San Caetano. Santiago.

Deputación Provincial da Coruña. Axuntamento de A Coruña

Actividade: "Universidade Internacional Menéndez Pelayo".

Datos: ó longo dos meses de xullo e agosto.

Inscripción e información: Secretaría de alumnos de U.I.M.P. (Antigua Delegación de Hacienda). Durán Loriga, 10. 15003-A Coruña. Teléfonos: 981-228266 - 228233. Do 6 de xuño ó 2 de xullo.

Programa: Seminarios e cursos acompañados dun intenso programa de animación cultural.

Universidade de Santiago

(Colaboran: Consellerías de Cultura, Presidencia e Pesca, Concello de Noia, Caixa Galicia e Banco Pastor).

Cursos:

- "Museología: conservación restauración y rehabilitación".

- "Aspectos jurídicos, económicos y técnico-biológicos de la Política común de Pesca".

- "Presente y futuro de los medios de comunicación en las Autonomías".

- "El Archivo: centro de información, conservación y control documental".

- "Tradición y progreso en la Galicia Contemporánea".

- "Justicia, proceso y democracia".

Lugar: Santiago de Compostela.

Datos: Mes de xullo:

- "Aspectos jurídicos y económicos del cooperativismo en España".

- "Estado actual y perspectivas de la Acuicultura en Galicia".

Lugar: Instituto "Virxe do Mar" de Noia.

Datos: Mes de xullo.

- "El carácter plurilingüe del léxico inglés".

Lugar: A Coruña.

Datos: Segunda quincena de xullo.

- "Aplicaciones de los materiales compuestos a la Industria Naval".

Lugar: Ferrol.

Datos: 1ª quincena de xullo.

Inscripción: Remata o prazo para tódolos cursos ó 30 de xuño. E necesaria preinscripción para os cursos de Museos e Arquivos.

Fora de Galicia podemos participar nas seguintes Escolas de Verán:

Acción educativa

Actividade: "XIII Escuela de Verano".

Lugar: Madrid.

Datos: do 4 ó 13 de xullo.

Inscripción e información: Acción Educativa. C/ Príncipe, 35-4º, 28012 Madrid, entre o 23 de maio e o 17 de xuño. Teléfono (91) 4298727.

Associacio de Mestres "Rosa Sensat"

Actividade: "23ª Escola d' Estiu - Barcelona 1988".

Lugar: Barcelona, C.P. "Príncipe de Viana", C/ Dublin (Parque Pegaso).

Datos: Do 4 ó 15 de xullo.

Inscripción e información: Asociación de mestres "Rosa Sensat", Corcega, 271. 08008 Barcelona. Teléfono (93) 2370701.

Matrícula: 3.500 pesetas.

Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Deusto

Actividade: "Cursos intensivos de verano 1988".

Lugar: Bilbao e San Sebastián.

Datos: Entre o 5 e o 15 de xullo.

Inscripción e información: ICE da Universidade de Deusto, teléfono 4453100/Ext. 245. Bilbao (antes do 17 de xuño).

Cuota: 2.000, 3.000 ou 7.000 pesetas, según o tipo de curso.

Programa: Cursos de temática variada orientados especialmente a EXB. Hai algún específico sobre Tutorías e tamén sobre técnicas Directivas.

Euskal Herriko Pedagogi Ihardunaldiak

Actividade: Cursos e Talleres.

Lugar: Galdakao.

Datos: Do 4 ó 8 de xullo.

Inscripción: ADARRA, Licenciado Poza, 31-7º, 48001 Bilbao, teléfono 4423250.

IV semana do

maxisterio
lucense

II ESCOLA DE VERAN
A CORUNA

88

tembro 88

nova
escola
galega

ASPG
ASOCIACIÓN SÓCIO-
PEDAGÓGICA GALEGA

XII XORNADAS
DO ENSINO DE
GALIZA

DIPUTACION PROVINCIAL DE LA CORUÑA

U I M P
UNIVERSIDAD INTERNACIONAL MENEZES PELAYO

LA CORUÑA CURSOS, SEMINARIOS Y ENCUENTROS. VERANO 1988

Del 11 al 15 de Julio

SEMINARIO: LA ESPAÑA DE FELIPE II EN EL TIEMPO DE LA GRAN ARMADA.

Director: J. H. Elliott.

SEMINARIO: PERSPECTIVAS DE FUTURO DE LA GANADERIA EN GALICIA.

Director: Carlos Tió Saralegui.

En colaboración con la Consellería de Agricultura de la Xunta de Galicia.

SEMINARIO: LA DIVULGACION CIENTIFICA.

Director: Ramón Núñez Centella.

En colaboración con la Casa de las Ciencias de La Coruña y la Voz de Galicia.

ENCUENTRO: LA FINANCIACION DE LAS COMUNIDADES AUTONOMAS: SISTEMA ACTUAL Y LINEAS DE REVISION.

Directores: Carlos Otero y Dositeo Rodríguez.

Del 18 al 22 de Julio

SEMINARIO: LITERATURA Y TRADICION ORALES EN GALICIA.

Director: Manuel Mandiánez Castro.

SEMINARIO: EL TEATRO ACTUAL

Director: Luis Iglesias Feijoo

SEMINARIO: LAS NUEVAS TECNOLOGIAS APLICADAS AL DISEÑO, LA PUBLICIDAD Y LA TELEVISION

Director: Francisco Casal

SEMINARIO: 1988: SITUACION Y PERSPECTIVAS DEL SECTOR ELECTRICO ESPAÑOL.

Director: Jorge Fabra Utray

En colaboración con la Delegación del Gobierno en la Explotación del Sistema Eléctrico, Compañía Sevillana de Electricidad, S. A., Grupo Endesa, Hidroeléctrica Española, S. A., Iberduero, S. A., Red Eléctrica de España, S. A., UNESA y Unión Eléctrica Fenosa, S. A.

Del 25 al 29 de Julio

SEMINARIO: OCEANOGRAFIA DE LA PLATAFORMA Y RIAS GALLEGAS. ASPECTOS FISICOS, QUIMICOS Y BIOLOGICOS.

Director: Fernando Fraga Rodríguez.

En colaboración con el Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) y la Consellería de Pesca de la Xunta de Galicia.

SEMINARIO: PROBLEMAS ACTUALES DE LAS AUTONOMIAS

Director: José L. Melián Gil

ENCUENTRO: TENDENCIAS ACTUALES EN HISTORIA Y PERSPECTIVAS DE INVESTIGACIONES

Director: Javier Faci Lacasta.

En colaboración con el Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) y la Agencia Nacional de Evaluación y Prospectiva.

Del 25 al 27 de Julio

ENCUENTRO: MALAS ARTES (ENCUENTRO SOBRE POESIA EXPERIMENTAL).

Diretora: Luisa Castro.

Del 1 al 5 de Agosto.

SEMINARIO: IDEAS ALTERNATIVAS PARA EL DISEÑO URBANO ACTUAL.

Director: Alfonso Vegara.

En colaboración con el Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

SEMINARIO: EPIDEMIOLOGIA: DIETA Y SALUD CARDIOVASCULAR.

Directores: Gregorio Varela Mosquera y Alfonso Castro Beiras.

En colaboración con la Consellería de Sanidade de la Xunta de Galicia.

El conjunto de Actividades Académicas se acompañarán de un intenso programa de animación cultural que incluye exposiciones, conciertos, recitales y tertulias, en las cuales colaboran con la U.I.M.P.:

Diputación Provincial de La Coruña Ayuntamiento de La Coruña

Información, Matrículas y Becas:


Lugar: Secretaría de Alumnos de la U.I.M.P. en La Coruña. Durán Loriga, 10 (antigua Delegación de Hacienda). 15003 LA CORUÑA. Tels. (981) 22 82 66 - 33. Secretaría de Alumnos de la U.I.M.P. en Madrid: Isaac Peral, s/n. (antiguo Instituto Psicotécnico; puerta de entrada frente a C/ Julián Romea). 28040 MADRID. Tel. (91) 449 74 99.

Plazo de solicitud de becas: del 6 al 24 de junio.

Plazo de solicitud de matrículas: del 6 de junio al 2 de julio. Siempre que queden plazas vacantes, se abrirá un nuevo plazo hasta el viernes anterior a cada Seminario. Plazas limitadas para todos los Seminarios.

U I M P
UNIVERSIDAD INTERNACIONAL MENEZES PELAYO

EXPERIENCIAS

O Colexio de Educación Especial de Velle
ten un invernadeiro

Escoenzamos esta actividade como paso previo para un coñecimento máis profundo da vida vexetal, polo que o **obxectivo xeral** consistía en interesar ós nenos polo mundo das prantas, e a iniciación á Floricultura e Horticultura. Os obxetivos específicos están en despertar nos nenos o amor cara a natureza e proporcionarlles as aprendizaxes elementais acerca das plantas, os seus cuidados, así como o manexo das ferramentas máis básicas.

Así as cousas, unha das nosas primeiras actividades foi levar aos alumnos á Presa de Velle e ós xardíns da cidade na primavera, para que apreciasen o cuidado das plantas e árbores ornamentais. Elo levábanos a un maior interese en coñecer as profesións relacionadas co tema.

O noso fin era chegar a conseguir que os alumnos se interesasen vivamente no cuidado das prantas para pasar a construír o noso horto escolar que, logo de moitos problemas, sobre todo de tipo económico, acadamos ter un invernadeiro de 150 m² adicado en parte a produtos de horta, cuidados polos nenos: leitugas, guisantes, tomates, pementos, zanhórias, cebolas, etc.

Logramos con estas instalacións:

1.- Que os alumnos coñezan a influencia do clima no desenvolvemento das plantas:

-Influencia da temperatura ambiental sobre as plantas.

-Diferencia entre o húmedo e o seco.

-Influencia de outros factores climáticos.

2.- Que coñezan que o solo é o medio natural sobre o que se desenrolan as plantas:

-O solo como soporte das plantas.

-Condições do solo para que se dé nel a vexetación.

-O solo como fonte alimenticia das plantas.

3.- Conseguir centrar e fixar as mentes nos semilleiros para o nacemento das plantas e posterior transplante:

-A semente como principio de vida.

-Preparación da terra nos semilleiros.

-Realización práctica da operación de poñer as sementes.

4.- Saber regar correctamente os semilleiros:

-Coñecementos sobre o rego.

-Importancia do rego para que as sementes orixinen a planta.

-Realización práctica da operación.

5.- Plantación propiamente dita:

-Colocar o plantón correctamente no burato da plantación.

-Coñecemento de atacado da terra de recheo.

-Realización práctica da operación.

6.- Cuidado das plantas: rego e limpeza.

-Eliminación da vexetación seca.

-Eliminar malas herbas.

-Regar as plantas de forma periódica.

Por fin conseguimos o noso obxectivo, como se ve na fotografía. Fundamentalmente estamos seguros de que a impartición de coñecementos non é o máis importante, consideramos que o é máis a motivación do alumno polo seu contacto directo coa realidade.

Luis Jiménez Orbán

EDUCAR NO
TEMPO LIBRE

Xogos de praia

Sen dúbida as vacacións teñen como finalidade o reposo, pero tamén re-creación, é dicir, refacerse tanto física, intelectual e moralmente.

¿Cómo entreter ós nenos? Sen dúbida é fundamental primeiramente unha **toma de contacto**, hai que respetar os intereses e curiosidade do neno, respetando e orientando a súa espontaneidade nun medio distinto: a praia...

-**Xogos espontáneos**, nos que o monitor ten que animar e suxerir novas ideas: esculturas na area, autopistas, embalses xunto a auga...

-**Xogos organizados**, nos que se pode facer unha pequena clasificación:

a) **Xogos de carreiras e relevos.**

b) **Xogos dinámicos**, para entrar en calor despois do baño ou si o tempo refrescou, e incluso para moderar un nerviosismo ou unha vitalidade desbordante.

-**Xogos tranquilos**, si o calor é asfixiante, ou cando a fatiga se fai sentir: xogos de damas trazados na area con conchas de distinto color e tamaño como fichas, tres en raia, axedrez no que se poden confeccionar as pezas con conchas pegadas...

-**Xogos co vento e Grandes xogos** para mobilizar a todo un grupo. Sen dúbida a area permite realizar múltiples xogos xa que o terreo é ideal.

Unha proposta de xogo tranquilo é: o **debuxo inacabado**.

Número de xogadores: 4 como mínimo. 10 como máximo.

Para nenos e nenas a partir de 6 anos.

Reglas:

-Elíxese un xogador o azar.

-Os demais aléxanse varios metros.

-O primeiro xogador comenza un debuxo na area sin rematalo, entón dí: ¡Eh!


-Un segundo xogador acude o seu lado e continúa o debuxo según o que lle parecen os trazos feitos polo compañeiro. Só pode agregar 3 trazos.

-Todos os xogadores facerán o mesmo, no seu turno.

-O rematar cada un di o que viu no debuxo e o que quixo facer él.



Carmen Vidal



ANDRADE

ONDE MOITOS MESTRES DEMOSTRAN A SÚA HEROICIDADE...

TIRA

Xornada continuada

Desde que comenzamos a nosa actividade educativa no **Colexio Guillelme Brown** o curso 87/88, inclinámonos pola xornada continuada, é dicir, a realización da actividade escolar pola mañán.

Esta decisión tomámola pola existencia de razóns pedagóxicas dabondo, entre as que podemos destacar que o rendimento escolar do alumno é moi superior nas primeiras horas do día, sendo constatable que o rendimento baixa considerablemente polas tardes.

Esta distribución favorece a realización de actividades extraescolares, que complementan a educación integral do neno e axudan a reducir a tensión escolar, que algúns nenos poderían sufrir durante a adquisición de contidos obrigatorios (sobre de todo naqueles nenos cun grande espírito de superación).

Interesa destacar que actividades como poden ser: o teatro, o xornal escolar, a radio escolar, etc., complementan e reforan as asignaturas de lingua. A psicomotricidade vese favorecida pola práctica de actividades deportivas e xogos. A música estimula a sensibilidade. O xadrez contribúe á concentración e ó desenrolo intelectual do neno. A fotografía potencia a creatividade.

Concluindo diremos que a realización de obradoiros é unha proposta educativa que funde as súas raíces no movemento da **Escola activa**, pretendendo atender á diversidade do alumnado cunha oferta variada e permanente de posibilidades de traballo, ampliar o concepto de "contido educativo", estimular a socialización, proporcionar ámbitos de traballo e de reflexión interdisciplinares.

Indicar que a nosa experiencia durante este curso amosounos as vantaxes deste horario, e aínda que supuxo mudar os hábitos escolares tradicionais, tivo unha acollida altamente favorable, adaptándose axiña os alumnos.

Alberto Salgado
Profesor do Colexio Guillelme Brown



LIBROS

Pedagogía de l'oci

de J. M. Puig e J. Trilla. Barcelona. Ceac. 1985.

Coas vacacións por diante, os escolares contan con tempo libre, a pesares dos suspensos que pesan sobre moitos deles. Para ocupar ese tempo libre, na nosa cidade empezan a se sentir os efectos da masificación e falta de espazos, os efectos da vida social mal planificada diante dos avances técnicos e diante do novo clima político, económico e cultural.

Son moitos os profesionais interesados en comprender esta problemática socioeducativa, e intervir para modificalo dende a escola, os Concellos, os movementos veciñais, as asociacións xuvenís, os medios de comunicación de masas, etc.

O primeiro punto de referencia para estes profesionais está en Catalunya, sempre salvando as distancias marcadas polo diferente contexto socioeconómico. Cando digo isto refírome a que convén coñecer a **longa tradición catalana de intervención na pedagogía do ocio, sen imita-la**, xa que non temos as mesmas necesidades educativas en Ourense que en Barcelona, e ademais nos dirían os expertos cataláns que alí tampouco se fai tan ben como sería de desexar.

Jaume Trilla e Josep María Puig ofrécennos en **Pedagogía de l'oci** unha contextualización histórica e sociolóxica do problema, e unha reflexión pedagóxica global que serve de marco explicativo e orientador a unhas prácticas nas que eles mesmos teñen participado. De seguido reflexan os rasgos xerais da intervención no ocio e tempo libre, os elementos a considerar e as relacións educativas que se establecen nas situacións de lecer.

Nos dous capítulos seguintes dan conta dos áme-

tos de intervención non específicos (**escola, familia, medio urbano, medios de comunicación, industrias do ocio...**) e os máis específicos (**colonias de vacacións e campamentos, clubs d'Esplai e Casals d'estiu**, ludotecas, parques infantís e espazos abertos, diversas institucións, movementos asociacións e servizos relacionados co ocio).

Rematan cunha nova reflexión teórica sobre a problemática da **animación sociocultural e da democratización da cultura** e unhas perspectivas de futuro, no cal se prevé a multiplicación de experiencias, institucións e servizos públicos de tempo libre, situación que demanda análises e reflexións fondas sobre "o sentido do ocio, as posibilidades educativas que abre e a mellor maneira de intervir sobre el".

O libro dos autores cataláns é básico para enmarcar todo un conxunto de actividades de animación que proliferan cada vez máis no noso entorno, actividades que, en moitos casos carecen dun proxecto educativo serio, dunha explicitación de valores, fins, obxetivos, métodos, organización, plan de actividades e avaliación.

No futuro esta coherencia teórica vai ser maior coa creación dunha **diplomatura universitaria para educadores sociais e unha licenciatura en educación social**.

Voltando ao libro que nos ocupa, convén saber, para os que non se atreven a ler o orixinal en catalán, que hai tradución ao castelán, e tamén poden consultar outra obra de Jaume Trilla: **Educación fuera de la escuela** complementaria en aspectos de educación non formal.

X. Manuel Cid

NOVAS

—Rematan hoxe as **probos de selectividade** que se viñeron celebrando nos centros da capital. Os aprobados e aprobadas deben estar pendentes dos prazos para solicitar a entrada nos centros con matrícula limitada. ¡Qué haxa sorte!

—Xa temos o **5.º Instituto** para a zona de Mariñamansa, A Cuña e Barrocáns. Agardaremos que este curso non comence cos conflitos característicos dos anos anteriores, e que as autoridades educativas asuman, dunha vez por todas, o dereito a educación que teñen tódolos cidadáns.

—A Asociación Galega da Lingua ven de publicar o libro "**Cantigas de amigo e outros poemas**" (1980-1985) de D. Ricardo Carballo Calero. Recolle textos, case todos inéditos, entre os que destacan as modernas cantigas de amigo, postas en boca de mulleres de hoxe que viven as realidades do noso tempo. Outros poemas evocan figuras históricas ou mitos literarios. As ilustracións fixoas Felipe Criado.

NA ESCOLA

Suplemento do ensino de
La Región (Ourense).

Consello de pedagogos asesores:

Xosé Manuel Cid
(coordinador)
Mercedes Suárez Pazos
Mariló Candedo
Mercedes González Sánmamed
Xesús Rodríguez Jares
Calo Iglesias

Colabora:

Nova Escola Galega

Maqueta:

Departamento de deseño
de **La Región**.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

